

ALBERTO CUNHA

Contra Tempo



- 1 - A VOS IRMÁNS
- 2 - TEÑO SAUDADE
- 3 - NON ME CHAMES ESTRANXEIRO
- 4 - A OUTRA NAI
- 5 - AÍ VEN O MAIO
- 6 - CONTIGO
- 7 - MARÍA DAS TEMPESTADES
- 8 - PALABRAS DE AMOR
- 9 - PROBIÑA DA TOLA
- 10 - NENIÑA

Distribuido por LONXA CULTURAL.

Producido por ALBERTO CUNHA e JAVIER ABREU.

Gravado, misturado e masterizado en OCEANO ESTUDIOS por JAVIER ABREU.

Arranxos e programacións: ALBERTO REGUEIRA, excepto "PROBIÑA DA TOLA" de JUANJO FERNÁNDEZ.

Guitarras e baixo: ALBERTO REGUEIRA.

Pianos e teclados: TITO CABO.

Violín en "NON ME CHAMES ESTRANXEIRO": PATRICIA ARGÜELLES.

Voz en "PALABRAS DE AMOR": JULIETTA BARRO.

Voces e arranxos en "NENIÑA": ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS.

Alberto Cunha sempre se entrega e "íspese", ofrecéndonos as suas mellores facetas musicais e persoais; con esa variedade e multiplicidade xestiona un desfile de estilos moi interesantes. Este "crooner" que coa súa particularísima "Big - Band" é capaz de coquetear con Elvis ou Sinatra mostrando o mellor de si mesmo, produce un efecto iconoclasta e rompedor.

Agora, en este "Contra Tempo", á marxe de versionear con acerto a Sabina, Serrat ou Rafael Amor, fai un perfecto percorrido polos máis afortunados poetas e músicos galegos de tódolos tempos, como Cabanillas, Curros Enríquez, etc. que foron cantados no seu día por xente da talla de Batallán, Andrés do Barro ou Los Tamara entre outros, conseguindo un paso persoalísimo e actual. Longa vida a este "crooner" vigués.

JUAN SEOANE

ALBERTO CUNHA

Contra Tempo

Contra Tempo é o novo disco de Alberto Cunha, no que fai unha revisión de grandes temas galegos de toda a vida, rendindo unha merecidísima homenaxe a cantantes coma Andrés DoBarro, Guillermo Rojo, Los Tamara, Batallán, Bibiano, etc. ademáis de adaptar por primeira vez ó galego a xente dunha importancia musical excepcional, como Joaquín Sabina, Joan Manuel Serrat, Rafael Amor ou Pepe Domingo Castaño.

O CD consta de dez temas, nos que se inclúen :

A VOS IRMÁNS: Un tema de Guillermo Rojo, do ano 1968, cunha letra que vai máis alá do tempo, e pode aplicarse perfectamente nestes tempos incertos.

TEÑO SAUDADE: Que dicir deste tema inesquecible de Andrés Do Barro, fechado no ano 1970, e con letra de Xavier Alcalá.

NON ME CHAMES ESTRANXEIRO: Unha canción increíble dun dos mellores cantautores a nivel mundial como é Rafael Amor. O título o dí todo... é a primeira vez que se canta en galego, adaptada por Alberto Cunha.

A OUTRA NAI: Un dos míticos temas dunha das mellores agrupacións musicais que deu Galicia, Los Tamara. A letra e a música son de Prudencio Romo, recentemente desaparecido.

AÍ VEN O MAIO: Adaptación dun poema de Curros Enríquez feita no seu día por Luis Emilio Batallán.

CONTIGO: Un dos mellores temas de Joaquín Sabina nunha adaptación memorable feita por Alberto Cunha. Por primeira vez escoitase na nosa lingua a Sabina.

MARÍA DAS TEMPESTADES: Bibiano foi un referente como cantautor na Galicia dos 70. Aquí pódese escoitar un tema do seu derradeiro disco, "Aluminio".

PALABRAS DE AMOR: Alguén definiu esta canción de Joan Manuel Serrat coma un dos mellores temas de amor feitos en España. Soa por primeira vez en galego, adaptada por Alberto Cunha e feita a dúo con Julietta Barro, unha cantante galega excepcional.

PROBIÑA DA TOLA: Juan Pardo foi un dos primeiros impulsores da canción en galego. No ano 76 editou un dos mellores discos feitos na nosa terra "Miña nai dos dous mares". Alberto Cunha escolleu este tema, no que a letra é de Ramón Cabanillas.

NENIÑA: No ano 1974 Pepe Domingo Castaño sorprendeu con esta canción feita polo seu irmán Fernando e Emilio José. É a primeira vez que se canta en galego, adaptada por Alberto Cunha e con arranxos dun dos mellores grupos de pop de Galicia, Elodio y los seres queridos.

En definitiva, CONTRA TEMPO é un percorrido pola música galega de sempre que pódese perfectamente escoitar hoxe en día, de aí o título do disco, co que se pretende romper as barreiras do tempo con sonido fresco e actual sen desvirtuar e respetando os clásicos da nosa música contemporánea.